

CONCELLO DE  
SANTIAGO

Departamento de Deportes

O/A CONCELLEIRO/A - SECRETARIO/A  
DA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL,



(L)

**PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS PARTICULARES PARA A XESTIÓN, MEDIANTE CONCESIÓN,  
DAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS ADICADAS Á PRÁCTICA DO PÁDEL E TENIS SITUADAS NA  
ZONA DE SAR (RÚA CASAS HEDRA, POLÍGONO 34, PARCELA 98)**

**Art. 1. Obxecto.**- O obxecto do contrato é a xestión, mediante concesión, das instalacións deportivas destinadas á práctica do pádel e tenis situadas na zona de Sar, concretamente na Rúa Casas Hedra, polígono 34, parcela 98.

Neste Prego veñen descritas de forma xenérica as características da instalación, así como, as condicións mínimas de prestación do servizo e calquera actuación que se atope ligada á mesma.

**Art. 2. Características da instalación.**- A instalación deportiva está situada na rúa anteriormente mencionada, fronte ao complexo deportivo das Piscinas de Sar. Comprende as seguintes instalacións:


- 3 pistas cubertas para a práctica do pádel
- 1 pista cuberta para a práctica do tenis
- Edificio destinado a vestiarios masculino e feminino. Cada vestiario ten 33,28 metros cadrados e está dotado con duchas e inodoros (sen mobiliario de taquillas e bancos), así como, cun aseo/ducha para discapacitados.
- Conserxería de control de acceso, atención ao público e venda de entradas de 10,50 metros cadrados sen mobiliario.
- 1 aseo público de 3 metros cadrados.
- Zona exterior axardinada de aproximadamente 3.000 metros cadrados.

**Art. 3. Condicóns de prestación do servizo por parte do adxudicatario.**- O servizo que se prestará na instalación é o seguinte:

- 3.1. Mantemento das instalacións
- 3.2. Amoblamento de vestiarios e conserxería para control de acceso.
- 3.3. Información e aluguer de pistas
- 3.4. Limpeza das instalacións interiores e exteriores. Adecuación e mantemento da zona axardinada
- 3.5. Vixilancia e control durante as horas de apertura da instalación
- 3.6. Dotación dun peche perimetral en todo o recinto para aislar o seu funcionamiento, e suministro e colocación de 4 proxectores de 400 W a maiores en cada unha das pistas.

A empresa adxudicataria deberá prestar un servizo de escola deportiva na instalación (un mínimo de 10 horas á semana), para o que deberá incluir un programa de ensino e determinación das actividades deportivas concretas, horarios e tarifas tanto para tenis como para pádel.

En calquera caso, a instalación deportiva só poderá dedicarse exclusivamente á práctica do pádel e o tenis, non podendo celebrarse ningunha outra actividade.





## CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Deportes

O/A CONCELLEIRO/A - SECRETARIO/A  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,



### 3.1. MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS

As instalacións deportivas que se entregan a xestión, deberán reverter ao finalizar o contrato en perfecto estado de funcionamento.

O adxudicatario asume a obrigación de conservar e manter as edificacións e instalacións nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo cumplir con todas as normativas que existan ao respecto e que esten vinculadas coa xestión dun recinto destas características (tratamento de prevención da lexionela, normativas deportivas, de aforo, ...). As obras e traballoos que sexan necesarias para iso correrán ao seu cargo . Deberá repoñer e substituír os elementos que se desgasten polo uso habitual dos mesmos, tanto maquinaria, se existise, como o equipamento deportivo, en xeral.

Calquera medida de mellora, conservación ou mantemento que o adxudicatario estime realizar para o bo funcionamiento das instalacións, deberá ser previamente autorizada polo Concello de Santiago. As melloras, ampliacións e obras realizadas na instalación, pasarán a propiedade municipal ao termo do contrato, sen dereito algúñ do adxudicatario a recibir indemnización ou compensación.

O Concello de Santiago resérvase o dereito de realizar obras novas que considere preciso nas instalacións obxecto de adxudicación, sen que por iso entorpeza o servizo a prestar.

### 3.2. AMOBLAMENTO DE VESTIARIOS E CONSERXERÍA PARA CONTROL DE ACCESO

O edificio de vestiarios (masculino, feminino e discapacitados) deberá estar dotado de polo menos co seguinte mobiliario:

- Taquillas a razón de 30 unidades, como mínimo, en cada vestiario (total 60 unidades)
- Bancos suficientes e colgadores.


A conserxería completarase, como mínimo, co seguinte mobiliario:

- 2 cadeiras de despacho
- 1 mesa
- 1 estantería
- 1 computador
- 1 teléfono (incluíndo dentro deste concepto a realización da obra civil que se precise para dotar deste servizo a conserxería)
- Dotación dos elementos informáticos e físicos para o control de acceso.

Previa dotación deste material, o adxudicatario deberá de consensuar materiais e tipoloxía dos diferentes elementos co Departamento de Deportes do Concello

### 3.3. INFORMACIÓN E ALUGUER DE PISTAS

O adxudicatario deberá informar dos usos da instalación, así como, alugar puntualmente as pistas deportivas ao público. Esta mesma información e aluguer deberá realizarse, cando menos, de forma presencial e telefónicamente.



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Departamento de Deportes

O/A CONCELLEIRO/A SECRETARIO/A  
DA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL,



*[Handwritten signature]*

#### 3.4. LIMPEZA DE INSTALACIÓNS INTERIORES E EXTERIORES. ADECUACIÓN E MANTENIMENTO ZONA AXARDINADA

A realización dos traballos de limpeza deberá ser diaria e abarca elementos interiores e exteriores da instalación (pistas deportivas, zona exterior, vestuarios, conserxería, ...). Inclúese nesta limpeza as superficies horizontais, verticais (especialmente os cristais das pistas), portas, mobiliario, materiais técnicos e similares.

Inclúese tamén a limpeza, coidado e mantemento da zona exterior (pasillos e especialmente a zona axardinada), intentando que manteña en todo momento un perfecto estado de conservación. Os gastos da obra de adecuación da zona verde correrán por conta exclusiva do adxudicatario, debendo ter presente as recomendacións que sobre este espazo lle transmita o Concello de Santiago.

Os residuos de toda clase deberán depositarse en bolsas ou colectores no lugar designado para a súa posterior recollida polo servizo de limpeza do Concello.

Todos os gastos derivados do servizo de limpeza da instalación, corren a cargo do concesionario, incluídos os materiais e produtos necesarios para levala a cabo.

#### 3.5. VIXILANCIA E CONTROL DURANTE AS HORAS DE APERTURA DA INSTALACIÓN

Durante o horario de apertura das instalacións e uso por parte do público, o adxudicatario será responsable de vixiar e controlar as instalacións deportivas, así como, o correcto uso das mesmas.

#### 3.6. DOTACIÓN DUN PECHE PERIMETRAL NO RECINTO PARA AISLAR O SEU FUNCIONAMENTO E SUMINISTRO E COLOCACIÓN DE 4 PROXECTORES A MAIORES POR PISTA (TOTAL 16).

O adxudicatario terá que dotar ao complexo deportivo dun peche perimetral (lonxitude apróx. 270 metros) que garantice o seu funcionamento e evite o acceso ao mesmo sen ningún control. A proposta de peche terá que ter o visto e prace do Concello de Santiago.


A maiores dos existentes, o adxudicatario deberá instalar 4 proxectores en cada unha das pistas (total 16 focos) de 400 W de potencia cada un.

**Art. 4. Horario.-** A carga horaria que, como mínimo, deberá cumplir o adxudicatario é a seguinte:

- De luns a sábado, 72 horas de apertura a razón de 12 horas/día de media.
- Domingos 10 horas.

En base a oferta presentada polo adxudicatario, os horarios concretos de apertura do recinto pactaranse co Departamento de Deportes do Concello antes do inicio do servizo. Estes horarios poderán ser modificados de mutuo acordo ao longo da duración da concesión.


Os festivos as instalacións abrirán en horario de mañá (de 9 a 14 horas), podendo pechar os días 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro, 1 de maio e o 25 de xullo.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Deportes

O/A CONCELLEIRO/A - SECRETARIO/A  
DA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL,



O Concello de Santiago, a través do seu Departamento de Deportes, resérvase o uso gratuito das instalacións de maneira puntual, debendo comunicalo ao concesionario cunha antelación mínima de 10 días. En calquera caso, esta reserva que inclúe dúas opcións de uso, nunca superará máis das 75 horas anuais de utilización da totalidade do complexo nin, por outra parte e a maiores das anteriores, as 50 horas anuais se únicamente se emprega algunha das partes do recinto (máximo dúas pistas, engadida a de tenis).


**Art. 5. Persoal.**- O adxudicatario deberá dispor dos medios materiais e persoais suficientes para a prestación do servizo. A plantilla de persoal ao servizo da instalación será detallada e pertenecerá á entidade adxudicataria. En ningún caso existirá relación contractual entre este persoal e o Concello de Santiago.

O persoal da instalación deberá ir debidamente uniformado e identificado como pertenecente á entidade adxudicataria.

O adxudicatario organizará o seu persoal de modo que cubra as necesidades de funcionamento da instalación e, en todo caso, deberá substituir de forma inmediata as ausencias do persoal ao seu cargo sen que interfira na prestación do servizo.

**Art. 6. Obrigacións do adxudicatario.**- Ademais das obligacións sinaladas na vixente lexislación para o presente contrato e das establecidas no PCAP, o adxudicatario terá as seguintes obligacións:

1. O adxudicatario deberá cumplir a carga mínima horaria establecida no artigo 4 do presente prego, sendo a súa responsabilidade a falta de cumprimento do mesmo, salvo que exista unha modificación ao longo do período de concesión.
2. O adxudicatario prestará o servizo con estrita igualdade de trato e adoptará cantas disposicións e medidas de seguridade e debida diligencia sexan necesarias para evitar toda clase de danos a usuarios e bens da instalación.
3. Dotar ao seu persoal de todos os elementos de protección que sexan necesarios para a realización dos traballos, segundo o establecido pola Lei de Prevención de Riscos Laborais que no momento sexa vixente.
4. Substituír con carácter automático ao persoal de plantilla por outro que dispoña da mesma cualificación profesional en casos de enfermedade, vacacións, permisos regulamentarios ou por calquera outro motivo que forzosamente esixa ser substituído.
5. Presentar ao Departamento de Deportes do Concello de Santiago unha memoria semestral das actividades, usos, alugueros e relación do persoal da instalación.
6. Responder da calidade técnica do persoal que presta os seus servizos, así como, das consecuencias que se deduzan para a administración contratante e para terceiras persoas, polas omisións, erros, métodos inadecuados na execución de traballos e actividades e de calquera outra responsabilidade derivada do desenvolvemento das tarefas relacionadas co servizo obxecto de contratación.
7. Uniformar correctamente ao persoal que prestará servizos na instalación coa aprobación do Departamento de Deportes do Concello de Santiago.
8. Subscrever unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos a terceiros e usuarios da instalación, así como, os posibles danos que se poden ocasionar na propia instalación. A contía mínima desta póliza será de 300.000 euros.



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Departamento de Deportes

O/A CONCELLEIRO/A SECRETARÍA  
DA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL.



9. Coidar as instalacións postas a disposición para a prestación do servizo, debendo asumir as actuacións neglixentes. Correspondrá ao adxudicatario a reposición, reparación ou substitución das instalacións técnicas ou elementos que sexa preciso realizar e que se orixinen pola demostrada actuación neglixente daquel.
10. Colocar o logo do Concello de Santiago (Departamento de Deportes) nos elementos publicitarios (carteis, campañas de promoción,...), na sinalética do recinto (normativa, avisos, elementos de información, ...) e na papelería en xeral que utilice á empresa concesionaria. Aquelas outras que resulten inherentes á prestación efectiva do obxecto deste contrato e do presente Prego.

**Art. 7. Dereitos do adxudicatario.**- Ademais dos dereitos sinalados na lexislación vixente para o presente contrato e dos establecidos no PCAP, o adxudicatario terá os seguintes dereitos:

1. Recibir as instalacións obxecto do contrato en perfectas condicións para a prestación do servizo.
2. Percibir dos usuarios as tarifas que se autoricen polos diferentes servizos a realizar.
3. Propor ao Concello de Santiago, a través do seu Departamento de Deportes, cantas modificacións estime convenientes para mellorar a prestación do servizo.

**Art. 8. Obrigacións do Concello.**- Ademais das obrigacións sinaladas na lexislación vixente para o presente contrato e das establecidas no PCAP, o Concello terá as seguintes obrigacións:

1. Pór a disposición do adxudicatario as instalacións deportivas obxecto do contrato en perfecto estado para o desenvolvemento do servizo.
2. Tomar en calquera momento as decisións necesarias para a correcta execución do servizo.

**Art. 9. Dereitos do Concello.**- Ademais dos dereitos sinalados na vixente lexislación para o presente contrato e dos establecidos no PCAP, o Concello terá os seguintes dereitos:

1. Inspeccionar en calquera momento a prestación do servizo, as instalacións deportivas obxecto do contrato e ter acceso, cando se estime oportuno e necesario, á documentación relacionada coa devandita concesión.
2. Recibir, ao termo do contrato, as instalacións deportivas en perfecto estado de conservación.
3. Recibir, ao termo do contrato, as inversions ás que se fai referencia no presente Prego, realizadas polo adxudicatario para a prestación do servizo.
4. Comprobar a calidade dos servizos prestados, así como, realizar calquera actuación que se estime necesaria co fin de solicitar información sobre os usuarios e a adecuada prestación do servizo.
5. O Departamento de Deportes do Concello poderá reservarse o uso gratuito da instalación, segundo vén detallado no artigo 4 do presente Prego.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2011



Asdo.: Juan C. Garabato Rodríguez  
TÉCNICO EN PROGRAMACIÓN E XESTIÓN DEPORTIVA